

RICARDO CARVALHO CALERO
(LETRAS GALEGAS 2020)

Héctor Cajaraville





A PEGADA DO COMPROMISO



IMPORTANCIA DA SÚA FIGURA (1)

- Autor literario
 - Novela
 - Relato
 - Poesía
 - Teatro
 - Ensaio
- Profesor
- Autor da primeira historia da literatura galega digna de tal nome
- Autor da primeira gramática do galego elaborada con criterio científico
- Primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega
- Crítico literario
- Tradutor de obras dos clásicos galegos ao castelán





IMPORTANCIA DA SÚA FIGURA (2)

- Vinculado aos grandes proxectos galeguistas:

Seminario de Estudos Galegos

Grupo Nós

Partido Galeguista

Editorial Galaxia





INFANCIA

E ADOLESCENCIA:

OS ANOS FERROLÁNS

(1910-1926)





UN NENO DO FERROL VELLO

- Ricardo Leopoldo Ángel José Gerardo Carballo Calero, nado o 30 de outubro de 1910
- Pais: Gabriel Ricardo Carballo e María Dolores Calero
- Primoxénito dos seis fillos do matrimonio
- Situación económica familiar cada vez máis acomodada
- Rúa de San Francisco (barrio do Ferrol Vello)
 - Fervidoiro de actividade mariñeira e industrial
 - Ambiente puxante e cosmopolita
 - Tamén barrio de pescadores e pequenos comerciantes
- Primeira escola na rúa Magdalena (dona Marina)
- Aprende a ler na casa coa axuda da nai (*El Correo Gallego*)
- Colexio Sagrado Corazón de Jesús (Manuel Comellas Coímbra)
- Bacharelato por libre (Eusebio da Guarda da Coruña, Lugo, Ciudad Real...)
- Posibilidade de incorporarse á Mariña, para o que precisa o Bacharelato
- En 1926 aproba o Bacharelato, pero a idea de volver á academia militar non calla
- Ese mesmo ano trasládase a Santiago para comezar os estudos universitarios



PRIMEIROS TRABALLOS LITERARIOS

- RCC perde a nai en 1919, cando aínda non fixera os 9 anos
- O seu pai casa coa irmá da súa muller, que tamén falece axiña
- Isto marca o seu carácter: introvertido, serio de máis para a súa idade...
- O pai sómese nunha fonda depresión e desatende os seus negocios
- A situación económica da familia cambia radicalmente a peor
- RCC busca refuxio na lectura, no teatro e no cinema
- Asiste con asiduidade ás representacións teatrais e ás proxeccións cinematográficas do teatro Jofre
- Primeiras obras literarias: pezas teatrais que nunca chegarán a ver a luz
- Publicación dalgúns poemas na revista *Maruxa* de Ferrol
- Aparecen composicións súas en revistas da emigración galega, na revista *Vida Gallega* e no xornal *El Correo Gallego*
- Contacto con Xaime Quintanilla
- Pseudónimo: *Ilex*. Gustou sempre dos nomes literarios: Fernando Cadaval, C. Martínez Areal, Eduardo Colmeiro, Martiño Dumbría, Leopoldo Calero,,,



UNIVERSITARIO

EN COMPOSTELA

(1926-1932)



UN ESTUDANTE EXEMPLAR (1)

- Ao chegar á Universidade de Santiago en 1926 matrículase na carreira de Dereito, a pesar da súa paixón pola lingua e a literatura
- Vive en diferentes pensións da zona vella: Fonte de San Miguel, Tránsito dos Gramáticos, Acibechería, Troia...
- Xorde a súa querenza polo mundo universitario e propónse ser algún día profesor nesta institución
- Ten profesores insignes dos que gardará un gran recordo: Armando Cotarelo Valledor, Ciriaco Pérez Bustamante, Abelardo Moralejo Laso, Salvador Cabeza de León, Ramón Lago...
- Involúcrase no asociacionismo estudantil: presidente da Asociación de Alumnos de Dereito e da delegación compostelá da Fundación Universitaria Escolar (FUE)
- Busca conseguir melloras para o alumnado: un sistema de bolsas máis xusto, prohibición da entrada das forzas de seguridade nas facultades, defensa do galego...



UN ESTUDANTE EXEMPLAR (2)

- Obtén o título de Dereito en 1931, con só 20 anos. Pertence á primeira promoción de licenciados da II República
- En Compostela non abandona a creación literaria: colabora en revistas como *A Nosa Terra*, *Papel de Color*, *Resol...* E publica dous libros de poemas: *Trinitarias* (1928, en castelán) e *Vieiros* (1931, en galego)
- Nos anos universitarios coñece a que logo será a súa muller, María Ignacia Ramos, estudante de Filosofía e Letras (especialidade de Historia) e tamén con inquedanzas literarias (“María Silgar”)



PRIMEIROS CONTACTOS CO GALEGUISMO (1)

- Nada máis chegar a Santiago pasa a formar parte do Seminario de Estudos Galegos, creado en 1923
- RCC chegará a ser secretario do Seminario, e alí é onde toma contacto directo co mundo da lingüística galega (curso de fonética histórica impartido por Lois Tobío)
- Inicia a súa relación cos membros do grupo Nós: Otero Pedrayo, Catelao, Risco, Losada Diéguez, Cuevillas, todos eles vinculados ao SEG
- En 1928 RCC publica os seus primeiros traballos na revista *Nós*
- Sempre destacará a Otero Pedrayo e Castelao como os seus grandes mestres no ámbito do galeguismo, un marco profesional e vital que xa nunca abandonará



PRIMEIROS CONTACTOS CO GALEGUISMO (2)


- En Santiago fai amizade con mozos que teñen as mesmas inquedanzas ca el: Xosé Filgueira Valverde, Antonio Fraguas, Sebastián González, Fermín Bouza Brey, Francisco Fernández del Riego, Domingo García-Sabell, Álvaro Cunqueiro...
- É habitual velo pola zona vella ou pola Alameda paseando con eles. Tamén no bar Derby, onde se desenvolven os faladoiros literarios máis concorridos da cidade
- Carvalho Calero sempre se definiu como “un membro da xeración do Seminario de Estudos Galegos” e o seu vínculo coa institución foi permanente (agás no anos 1931-1932, en que realizou o servizo militar) ata a súa disolución en 1936



PRIMEIROS CONTACTOS CO GALEGUISMO (3)

SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS



Firma

R. Carballo Calero

Don Ricardo Carballo
Calero
foi nomeado socio ditivo
o 29 de abril do 1927
Sant-Jago 28 outubro 1931

O Segretario Xeral
Lebentiaunfoursalen

Visto Bon
O Presidente
J. Labella

REXISTRADO CO N.º 14



REGRESO A FERROL

(1932-1936)



FUNCIONARIO MUNICIPAL

- Rematados a carreira de Dereito e o servizo militar, regresa a Ferrol, acompañado de María Ignacia
- Pouco motivado pola avogacía, prepara unhas oposicións de administrativo para o Concello
- Obtén o primeiro posto e desde abril de 1933 pasa a formar parte do cadro de persoal municipal
- En outubro de 1933 casa con María Ignacia na igrexa de Santiago de Baleira (Lugo)
- Colabora con varios medios de comunicación, publica libros de poesía (*La soledad confusa*, 1932, en castelán; *O silencio asionllado*, 1934, en galego)
- Comeza unha segunda carreira: Filosofía e Letras, da que se titula a finais de 1935
- Inicia a preparación para as oposicións a mestre de secundaria e pide unha excedencia no Concello
- En xuño de 1936 marcha a Madrid para presentarse ás oposicións que estivera preparando



POSICIONAMENTO POLÍTICO

- RCC chega ao mundo da política a través da cultura, “como vía para tratar de resolver os problemas culturais de Galicia”
- Atopa o seu espazo no ámbito do nacionalismo e traballa para a consolidación desta corrente ideolóxica na cidade de Ferrol, man a man con Xaime Quintanilla (alcalde) e Rodrigo Sanz López
- As correntes nacionalistas da época conflúen no Partido Galeguista. RCC formará parte desta corrente desde a súa fundación en 1931
- Será a súa única experiencia no mundo da política, xa que nunca máis formará parte de partido ningún
- Dentro do Partido Galeguista, alíñase coa tendencia situada máis á esquerda, a máis progresista e independentista
- Participa na elaboración do Anteproxecto de Estatuto que logo se levará a Madrid para pedir maiores competencias para Galicia
- Participa en mitins, escribe artigos de opinión, apoia os candidatos do partido...
- Este pasado político será continua fonte de problemas na súa vida





GUERRA CIVIL

E POSGUERRA

(1936-1950)



COMBATENTE REPUBLICANO, DETENCIÓN E CÁRCERE (1)

- A RCC o estalido da guerra civil (18 de xullo de 1936) cólleo en Madrid mentres se está a presentar ás oposicións de Secundaria
- Xusto nos días de comezos da guerra recibe a noticia de que fora pai da súa primeira filla, Margarita
- “A gran proba”, “unha calamidade espantosa”, “unha vergoña colectiva”, en palabras de RCC
- Nada máis iniciarse a guerra, intégrase no batallón “Félix Bárzana”, do bando republicano
- Participa da defensa de varios distritos madrileños, e logo é trasladado a Valencia e a Andalucía
- Ao ter o título de avogado, apenas participa nos combates, pero é obrigado a participar en varios consellos de guerra



COMBATENTE REPUBLICANO, DETENCIÓN E CÁRCERE (2)

- Cando remata a guerra é feito prisioneiro e conducido ao cárcere do convento de Santa Úrsula (Xaén)
- O fiscal pide para el a pena de cadea perpetua, que logo queda reducida a doce anos e un día
- Ao final só cumprirá dous anos pola falta de espazo nos cárceres franquistas
- Os dez anos restantes cumpriraos como “liberado condicional” xa na súa casa
- Durante os dous anos de presidio (1939-1941) aproveita o tempo de encerro para traballar nos primeiros bosquexos da gramática da lingua galega
- Será entón cando abandone toda actividade política, á que xa nunca máis volverá




RETORNO Á CASA

- RCC chega a Ferrol de novo en 1941
- Coñece a súa primoxénita cando esta ten xa cinco anos. Ao ano seguinte nace a súa segunda filla, Victoria
- Descubre que os seus arquivos e a súa biblioteca foron obxecto de rapina por grupos falanxistas. Tamén a súa correspondencia e algún escrito
- Recibe a noticia de que o Concello lle retirou a praza de funcionario
- A partir de entón leva unha vida moi limitada: está en liberdade condicional, ten que presentarse ante as autoridades regularmente, é obxecto de seguimentos, a súa correspondencia é intervida e non pode exercer a docencia nin a avogacía
- Vese obrigado a vivir de xeito moi precario, dando clases en academias privadas
- Deixa de publicar entre 1935 e 1950 (non de escribir)
- A finais da década de 1940 empeza a colaborar no xornal compostelán *La Noche*, e manda as súas críticas literarias á BBC
- Recupera o contacto co galeguismo anterior á guerra civil (o chamado *exilio interior*)
- Colabora co Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos, herdeiro do SEG



ETAPA LUCENSE

(1950-1965)





O COLEXIO FINGOI

- A familia decide buscar un futuro que Ferrol non lles ofrece
- En 1950, RCC comeza a traballar no proxecto do colexio Fingoi, unha iniciativa do empresario e humanista Antonio Fernández López
- A filosofía do colexio Fingoi era herdeira da Institución Libre de Enseñanza: formación integral do alumnado nun contexto de neutralidade ideolóxica, tolerancia e respecto
- RCC chega alí para encargarse da dirección do centro, que non pode ocupar oficialmente por ser un represaliado do franquismo
- No colexio Fingoi desenvolve o seu labor docente ata 1965, 15 anos nos que tamén participa activamente da vida cultural e social lucense
- Unha das actividades que maior pegada deixou no centro foi a coordinación das obras teatrais representadas polo alumnado, algunhas delas da súa propia autoría
- En 1951 prodúcese a extinción da súa pena de cárcere e deixa de estar en liberdade condicional
- RCC é un dos habituais nos faladoiros do café Méndez Núñez, onde participan persoeiros como Luís Pimentel, Celestino Fernández de la Vega, Ramón Cabanillas, Ánxel Fole ou Manuel María
- Continúa colaborando cos medios: *Vida Gallega*, *Faro de Vigo*, *Cuadernos de Estudios Gallegos...*



VOLTA A PUBLICAR, TESE DE DOUTORAMENTO E INGRESO NA RAG

- A primeira gran noticia para RCC tras a guerra civil é a concesión do premio da editorial Bibliófilos Gallegos á súa obra *A xente da Barreira*, escrita ao longo da década de 1940
- O premio dáse a coñecer en 1950, e *A xente da Barreira* é a primeira novela en galego publicada na posguerra (1951)
- En 1950 publícase tamén o seu libro de poemas *Anxo de terra*, o seu regreso á lírica, que terá continuidade en 1952 coa edición de *Poemas pendurados dun cabelo* (1952) e en 1961 con *Saltério de Fingoi*
- Tamén ese mesmo ano ten lugar outro acontecemento importante na traxectoria de RCC: a fundación da editorial Galaxia, en cuxa posta en marcha tamén participa
- Nesta editorial publicará un dos seus ensaios de máis sona: *Sete poetas galegos* (1955)
- Un ano antes, en 1954, defende a súa tese de doutoramento, que se publicará tamén en 1955
- En 1958 é chamado a formar parte da Real Academia Galega. O seu discurso de ingreso levará por título *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía de Castro*





PROFESOR

EN SANTIAGO

(1965-1980)





NO INSTITUTO E NA UNIVERSIDADE (1)

- Nos últimos anos da ditadura franquista a represión remite; deste xeito, RCC pode concorrer de novo ás oposicións de ensino secundario, que xa aprobara en 1936
- Case tres décadas despois, en 1965, volve presentarse e aproba coa mellor nota do seu tribunal. RCC ten xa 54 anos
- Elixe como destino o instituto Rosalía de Castro de Santiago (feminino)
- Desde 1965 ata 1990, data do seu pasamento, Santiago será o seu lugar de residencia, e no cemiterio de Boisaca da cidade está soterrado
- Preséntaselle a posibilidade de impartir materias optativas de galego na universidade, dentro da carreira de Filoloxía Románica



NO INSTITUTO E NA UNIVERSIDADE (2)

- Durante anos dá clase a un tempo no ensino secundario e na universidade
- En 1971 convócanse as oposicións á cátedra de Lingüística e Literatura Galega
- Tras un longo proceso, é designado o primeiro catedrático de galego da universidade compostelá. Ten 61 anos.
- Abandona a docencia no instituto Rosalía de Castro e centra os seus esforzos en dignificar a presenza do galego no ámbito universitario
- Atopa enormes carencias en canto ao material dispoñible para impartir acadamente as materias da súa cátedra: dicionarios imprecisos, bibliografías incompletas, historias da literatura sen criterio e parciais, gramáticas desfasadas...



UNHA HISTORIA DA LITERATURA E UNHA GRAMÁTICA (1)

- Estes dous materiais son os que máis bota en falta RCC cando empeza a impartir clases na universidade
- En lugar de agardar a que outros os elaboren, ponse mans á obra para desenvolveselos persoalmente
- Malia non ser lingüista por formación, os seus coñecementos de linguas e literatura permítenlle afrontar ambos os proxectos
- A súa *Historia da literatura galega contemporánea* realiza un amplo percorrido polos autores e obras desde 1808 ata 1936, con especial atención ao Rexurdimento, e especialmente a Rosalía de Castro
- Alén dun traballo académico, o seu obxectivo era elaborar un manual práctico para o estudiantado das materias de literatura galega

Ricardo Carballo Calero

Historia da literatura galega

CONTEM PORÁ NEA

Galaxia

UNHA HISTORIA DA LITERATURA E UNHA GRAMÁTICA (2)

- A *Gramática elemental del gallego común* nace como unha petición da editorial Galaxia de facer unha gramática con criterios científicos
- A gramática publícase en 1966 ata 1979 terá sete edicións, nas que RCC vai incorporando novos contidos e vai amosando a súa aproximación cara á confluencia entre galego e portugués
- RCC tamén participou na redacción das primeiras normas (1971) publicadas pola Real Academia Galega para tratar de unificar o uso escrito do galego
- Tamén participa nas normas (1979) da Xunta de Galicia, pero non nas da ILG/RAG (1982), pola súa aproximación á ortografía do portugués
- Nestes anos publica numerosas obras no ámbito da lingüística, en detrimento da súa faceta como literato



Galaxia

ÚLTIMOS ANOS

(1980-1990)





XUBILACIÓN E OBRA POSTERIOR (1)

- RCC xubíbase como catedrático de Lingüística e Literatura Galega en 1980, ao facer os setenta anos
- Malia a xubilación, seguirá acudindo ao seu despacho na facultade de Filoloxía
- Nesta época final da súa vida, RCC distribúe o seu tempo entre as cidades de Santiago e Lugo
- Este período derradeiro da súa biografía caracterízase polo distanciamento persoal, lingüístico e ideolóxico do galeguismo oficial
- Non deixa de participar en actividades que amosan o seu compromiso co galeguismo, pero desde unha posición de independencia
- É convidado a participar en política por parte de diversas forzas, pero declina todas as propostas: “Non posúo nin o tempo nin o temperamento necesarios”





XUBILACIÓN E OBRA POSTERIOR (2)

- Na década de 1980 recupera a actividade literaria que deixara de lado para centrarse na súa faceta docente
- No xénero poético, publica novos títulos como *Pretérito imperfecto* (1980), *Futuro condicional* (1982), *Cantigas de amigo e outros poemas* (1986) e *Reticências* (1990)
- Tamén na narrativa chega un novo título, o máis exitoso da súa carreira literaria: a novela *Scórpio* (1987), xa con 76 anos, e que en 1988 será recoñecido co Premio da Crítica
- Continúa ademais co seu intenso labor ensaístico, tanto sobre a lingua: *Problemas da lingua galega* (1981), *Da fala e da escrita* (1983), *Do galego e da Galiza* (1990); como sobre literatura: *Libros e autores galegos* (1982), *Letras galegas* (1984), *Escritos sobre Castelao* (1984), *Estudos e ensaios sobre literatura galega* (1989)...



O GALEGO, UNHA LINGUA ABERTA AO MUNDO (1)


- RCC foi a figura máis relevante da corrente denominada reintegracionista, que busca a aproximación entre galego e portugués
- O portugués naceu da expansión do galego cara ao sur, polo que para esta corrente é unha reunificación natural de dúas linguas irmás
- Para RCC, esta deriva cara ao reintegracionismo era un exercicio de coherencia consigo mesmo e cos autores da súa xeración e anteriores (Padre Feijoo, Padre Sarmiento, Castelao...)
- Para visibilizalo, mudou o seu apelido Carballo por Carvalho, coincidente coa grafía portuguesa
- Tamén por unha cuestión relacionada coa supervivencia do idioma: “O galego, ou é galego-português ou é galego-castelhano”.



O GALEGO
OU É GALEGO-PORTUGUÊS
OU É GALEGO-CASTELHANO

O GALEGO, UNHA LINGUA ABERTA AO MUNDO (2)



- Para RCC, integrar o galego no idioma co que forma unha unidade lingüística histórica era a posibilidade de abrirse a unha comunidade de máis de 200 millóns de persoas nos cinco continentes (a denominada lusofonía)
- Porén, a opción do reintegracionismo foi desbotada polas institucións encargadas de decidir o futuro da lingua, o que a RCC lle supuxo quedar relegado, marxinado e excluído de entidades, proxectos e recoñecementos
- Nos seus últimos anos foi nomeado membro de honra da Associação Galega da Língua (AGAL) e mesmo da Academia de Ciências de Lisboa e fillo predilecto da súa cidade natal
- Desde o seu pasamento, periodicamente desenvólvense simposios e xornadas que manteñen viva a memoria do polígrafo ferrolán, como os celebrados nos anos 2000 e 2010; e agora as Letras Galegas 2020 




RECOÑECEMENTOS

- 1958 Ingreso na Real Academia Galega
 - 1967 Pedrón de Ouro
 - 1980 Membro de honra da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)
 - 1981 Ingreso na Academia de Ciéncias de Lisboa
 - 1982 Colocación dunha placa na súa casa natal da ferrolá rúa San Francisco, 51
 - 1982 Membro de honra da Associação Galega da Língua (AGAL)
 - 1984 Medalla Castelao
 - 1987 Inauguración dun centro de ensino secundario co seu nome na cidade de Ferrol
 - 1988 Premio da Crítica pola súa novela *Scórpio* (1987)
 - 1990 Fillo predilecto de Ferrol
 - 1990 Creación dun certame de narrativa e outro de investigación lingüística co seu nome
 - 1995 Inauguración dun centro cultural co seu nome na cidade de Ferrol
 - 1996 Fillo Ilustre de Galicia polo Parlamento Galego
 - 2000 Celebración do Simposio «Ricardo Carvalho Calero. Memoria do Século»
 - 2010 Celebración das Xornadas «Ricardo Carvalho Calero: Ciencia, Literatura e Nación»
 - 2020 Figura homenaxeada no Día das Letras Galegas
-
- Inauguración de rúas co seu nome nas cidades de Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Carballo, Narón, Arteixo...





POESÍA

- 1928: *Trinitarias* (en castelán)
- 1931: *Vieiros* (en galego)
- 1932: *La soledad confusa* (castelán)
- 1934: *O silencio asionllado* (galego)
- 1950: *Anxo de terra*
- 1952: *Poemas pendurados de un cabelo*
- 1962: *Saltério de Fingoy*
- 1980: *Pretérito imperfecto*
- 1982: *Futuro condicional*
- 1986: *Cantigas de amigo e outros poemas*
- 1990: *Reticências*
- 1993: *Poesía perdida de Carballo Calero.*



NARRATIVA

- 1951: *A xente da Barreira*
- 1950: *Os tumbos*
- 1952: *As pitas baixo a chuvia*
- 1957: *A cegoña*
- 1979: *Aos amores seródios*
- 1984: *O lar de Clara**
- 1984: *Os señores da Pena**
- 1985: *Provérbios otomanos*
- 1987: *Scórpio*




- **O lar de Clara* e *Os señores da pena*, dentro do volume *Narrativa completa* (1984).



TEATRO

- 1963: *Farsa das zocas*
- 1970: *Auto do prisioneiro*
- 1971: *A sombra de Orfeu**
- 1971: *A arbre**
- 1979: *O redondel*
- 1982: *O fillo***
- 1982: *Isabel***
- 1982: *Os xefes***




- **A sombra de Orfeu* e *A arbre*, dentro do volume *Catro pezas* (1971), que contén tamén *Farsa das zocas* e *Auto do prisioneiro*.
- ***O fillo*, *Isabel* e *Os xefes*, dentro do volume *Teatro completo* (1982), que contén as oito obras teatrais do autor.







CRÍTICA LITERARIA

- 1955: *Sete poetas galegos*. Galaxia, Vigo.
- 1955: *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea*. Gredos, Madrid.
- 1959: *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía (discurso de ingreso na RAG)*. Celta, Lugo.
- 1963: *História da literatura galega contemporánea I*. Galaxia, Vigo.
- 1975: *História da literatura galega contemporánea (1808-1936)*. Galaxia, Vigo.
- 1976: *Prosa galega I: desde os primeiros oitocentistas ao grupo Nós*. Galaxia, Vigo.
- 1977: *Estudos rosalianos*. Galaxia, Vigo
- 1978: *Prosa galega II: dos novecentistas aos nosos días*. Galaxia, Vigo.
- 1980: *Prosa galega III: da época trovadoresca ao neoclasicismo*. Galaxia, Vigo.
- 1982: *Libros e autores galegos II: século XX*. Fundación Barrié, A Coruña.
- 1984: *Escritos sobre Castelao*. Sotelo Blanco, Santiago de Compostela.
- 1989: *Estudos e ensaios sobre literatura galega*. Edicións do Castro, Sada-A Coruña.





LINGÜÍSTICA E FILOLOXÍA

- 1966: *Gramática elemental del gallego común*. Galaxia, Vigo.
- 1971: *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Galaxia, Vigo.
- 1971: *Sobre lingua e literatura galega*. Galaxia, Vigo.
- 1972: *Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro*. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- 1981: *Problemas da língua galega*. Sá da Costa Editora, Lisboa.
- 1983: *Da fala e da escrita*. Galiza Editora, Ourense.
- 1984: *Letras galegas*. AGAL, A Coruña.
- 1990: *Do galego e da Galiza*. Sotelo Blanco, Santiago de Compostela.
- 1992: *Umha voz na Galiza*. Santiago de Compostela.



EDICIÓNS DE CLÁSICOS GALEGOS

- 1961: Edición de Eduardo Pondal, *Versos ñorados ou esquecidos*. Centro de Estudos Fingoy – Editorial Galaxia, Lugo-Vigo.
- 1963: Edición de Rosalía de Castro, *Cantares Gallegos* (introducción e notas). Anaya, Madrid.
- 1979: Edición de Vicente Risco, Otero Pedrayo e Castelao, *O bufón de El-Rei, A lagarada e Os vellos non deben de namorarse* (*Teatro Nós*). Follas Novas, Santiago de Compostela.
- 1983: Edición de Afonso X o Sabio, *Cantigas de amor, de escarño e de louvor*. Edicións do Castro, Sada.
- 1983: Edición de Alfonso R. Castelao, *Antología bilingüe*. Taurus, Madrid.



BIBLIOGRAFÍA SOBRE CARVALHO CALERO

- Biscaíño Fernandes, C.C.; X.M. Sánchez Rei (coord.) (2011): *Ricardo Carvalho Calero: ciencia, literatura e nación*. Universidade da Coruña, A Coruña.
- Blanco García, Carmen (1989): *Conversas con Carballo Calero*. Editorial Galaxia, Vigo.
- Blanco García, Carmen (1991): *Carballo Calero: política e cultura*. Edicións do Castro, Sada-A Coruña.
- Dacosta, Henrique (2020): *Carvalho Calero. Vida e obra dun ser polifacético*. Xerais, Vigo.
- Fernán-Vello, F.; F. Pillado Mayor (1986): *Conversas en Compostela con Carballo Calero*. Sotelo Blanco, Santiago de Compostela.
- Grupo de Língua da Fundación Artábria (2000): *Conhecemos Carvalho Calero. Umha vida polo galego e a Galiza*. Fundación Artábria, Ferrol.
- López, Teresa; F. Salinas (coords.) (2002): *Actas do Simpósio R. Carvalho Calero. Memoria dos séculos*. Universidade da Coruña/AS-PG, A Coruña.
- Marco, Aurora (1992): *Foula e ronsel. Os anos xuvenís de Carvalho Calero*. Edicións do Castro, Sada-A Coruña.
- Montero Santalha, José-Martinho (1993): *Carvalho Calero e a súa obra*. Laivento, Santiago de Compostela.
- Palharés, P.; L. Tato Fontainha (1994): *Ricardo Carvalho Calero. A dignidade persoal*. Concello de Ferrol, Ferrol.
- Rodríguez, J. L. (2000): *Estudos dedicados ao Prof. Carvalho Calero*. USC / Parlamento de Galicia, Santiago.
- Salinas Portugal, F. (1991): *Voz e silencio (entrevista com R. Carvalho Calero)*. Ed. do Cumio, Vilaboa.
- Sánchez Rei, X. M. (2008): «Algunhas observacións sobre a Gramática elemental del gallego común de R. Carvalho Calero», *Madrygal* 11, 101-112.
- Vázquez Cuesta, P. (1967): «A propósito de la Gramática Gallega de Carballo Calero *Grial* 16, 192-196.
- VV.AA. (1982): *Homenaxe a Carballo Calero*. Cadernos do Medulio, Ferrol.



D. Carballo Calero

